



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2024/25  |
| Asignatura (*)        | Principios de Macroeconomía  | Código             | 611G02005  |          |
| Titulación            | Grao en Administración e Dirección de Empresas   |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Primeiro           | Formación básica   | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Economía   |                    |  |          |
| Coordinación          | Veiga Fernández, Luís Angel  | Correo electrónico | l.veiga@udc.es   |          |
| Profesorado           | Couñago Garrido, Celia<br>Nieto Mengotti, Manuel Vicente<br>Pociña Sánchez, Brais<br>Varela Candamio, Laura<br>Veiga Fernández, Luís Angel   | Correo electrónico | c.counago@udc.es<br>m.nieto1@udc.es<br>brais.psanchez@udc.es<br>laura.varela.candamio@udc.es<br>l.veiga@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |  |          |
| Descrición xeral      | Se trata de ter unha visión do funcionamento dos mercados no marco da Teoría Económica. Se estudiará a metodoloxía económica, basicamente macroeconómica. A análise se desenvolverá empregando modelos matemáticos sinxelos e con apoio gráfico. |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A4                                  | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.  |
| A6                                  | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.  |
| A7                                  | Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.   |
| A8                                  | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.   |
| A10                                 | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés   |
| A11                                 | Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.  |
| A12                                 | Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.   |
| B1                                  | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo    |
| B2                                  | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo                 |
| B3                                  | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.  |
| B4                                  | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado   |
| B5                                  | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |
| B9                                  | CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados                      |
| B10                                 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.    |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |



|    |   |
|----|---|
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
|----|---|

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |                 |                      |
|---|-------------------------------------|-----------------|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |                 |                      |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver problemas cos que deben afrontarse. |                                     | B5<br>B9<br>B10 | C1<br>C4<br>C6<br>C8 |
| Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía   | A4<br>A6<br>A7<br>A8                | B1<br>B2        | C5                   |
| Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. Comunicarse con fluidez no seu contorno el traballar en equipo.   | A10<br>A11<br>A12                   | B3<br>B4        | C7                   |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| TEMA 1. MACROMAGNITUDES NA CONTABILIDADE NACIONAL | <p>TEMA 1.</p> <p>1.1.- Macroeconomía e política macroeconómica</p> <p>1.2.- Producto Nacional Bruto e Producto Nacional Neto</p> <p>1.3.- Producto Interior Bruto</p> <p>1.4.- Os problemas de medición da produción nacional</p> <p>1.5.- Producción nominal e produción real</p> <p>1.6.- Os índices de precios</p> <p>1.7.- Renda Nacional, Renda Persoal, Renda dispoñible</p> <p>1.8.- O Gasto. Os compoñentes da demanda agregada</p> <p>1.9. Identidades Macroeconómicas importantes</p> |
| TEMA 2. A RENDA DE EQUILIBRIO                     | <p>TEMA 2.</p> <p>2.1. A produción de equilibrio</p> <p>2.2. A función de consumo</p> <p>2.2.1. Factores dos que depende o consumo</p> <p>2.3. Outras formulacións da función de consumo</p> <p>2.4. A función de aforro</p> <p>2.5. A demanda de inversión</p> <p>2.6. A determinación da renda de equilibrio nun modelo simple</p> <p>2.7. A determinación da renda de equilibrio nun modelo con sector público</p> <p>2.8. A estabilidade da renda de equilibrio</p>                          |



|  |  |
|--|--|
| TEMA 3. O ESTUDO DO MULTIPLICADOR          | <p>TEMA 3.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>3.1. Efectos dun desprazamento da función de aforro</li><li>3.1.1. Variación da función de aforro</li><li>3.1.2. Variación da inversión</li><li>3.2. Introdución ó estudo dos multiplicadores</li><li>3.2.1. O multiplicador dinámico</li><li>3.2.2. O multiplicador con impostos fixos</li><li>3.3. O teorema do presuposto equilibrado</li><li>3.4. Deducción dos multiplicadores considerando os impostos en función da renda</li><li>3.4.1. Impostos crecentes coa renda</li><li>3.4.2. Multiplicador dunha variación da taxa impositiva</li><li>3.5. O multiplicador nunha economía aberta.</li></ul>  |
| TEMA 4. A DEMANDA DE INVERSIÓN. A CURVA IS | <p>TEMA 4.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>4.1. A introdución do tipo de xuro</li><li>4.2. A decisión de investir</li><li>4.3. A inversión coma un proceso de axuste de capital</li><li>4.4. Renda de equilibrio e tipo de xuro. A curva IS</li><li>4.4.1. A pendente da curva IS</li><li>4.4.2. Os desplazamentos da curva IS</li></ul>   |
| TEMA 5. O MERCADO DO DIÑEIRO               | <p>TEMA 5.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>5.1. A oferta de diñeiro</li><li>5.2. A demanda de diñeiro</li><li>5.3. O equilibrio no mercado do diñeiro</li><li>5.4. O proceso de expansión do diñeiro bancario</li><li>5.5. Renda de equilibrio e tipo de xuro no mercado de activos. A curva LM</li><li>5.6. Os puntos á esquerda e á dereita das curvas IS e LM</li><li>5.7. A base monetaria</li><li>5.7.1. Relación entre a base monetaria e oferta monetaria. O multiplicador monetario</li><li>5.8. A demanda de diñeiro transaccional</li><li>5.9. Velocidade de circulación do diñeiro e demanda de diñeiro</li><li>5.10. A política monetaria e a trampa da liquidez</li><li>5.11. Os tipos de xuro do Eurosistema</li></ul> |
| TEMA 6. A CURVA DE DEMANDA AGREGADA        | <p>TEMA 6.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>6.1. A curva de demanda agregada</li><li>6.1.1. A representación gráfica da curva de demanda agregada</li><li>6.1.2. Os desplazamentos da curva de demanda agregada</li><li>6.2. Explicación analítica da curva de demanda agregada</li></ul>   |



|   |   |
|---|---|
| TEMA 7. POLÍTICA FISCAL E POLÍTICA MONETARIA      | <p>TEMA 7.</p> <p>7.1. Introducción</p> <p>7.2. A política fiscal</p> <p>7.2.1. Un incremento do gasto público</p> <p>7.2.2. O multiplicador do gasto público</p> <p>7.2.3. Un cambio da taxa impositiva</p> <p>7.2.4. O multiplicador dun cambio da taxa impositiva</p> <p>7.2.5. O multiplicador do presuposto equilibrado</p> <p>7.2.6. A efectividade da política fiscal</p> <p>7.3. A política monetaria</p> <p>7.3.1. Cambios na oferta monetaria</p> <p>7.3.2. O multiplicador dos cambios da oferta monetaria</p> <p>7.3.3. A efectividade da política monetaria</p> <p>7.4. A eficacia e a certidume das políticas fiscal e monetaria</p> <p>7.5. A interacción da política monetaria e fiscal</p> |
| TEMA 8. O MERCADO DE TRABALLO E A OFERTA AGREGADA | <p>TEMA 8.</p> <p>8.1. Os supostos fundamentais do modelo clásico</p> <p>8.2. As diferencias entre o modelo clásico e o modelo keynesiano</p> <p>8.3. A función de produción. Productividade total, media e marxinal.</p> <p>8.4. A demanda de traballo neoclásica.</p> <p>8.5. A oferta de traballo neoclásica</p> <p>8.6. O modelo clásico completo</p> <p>8.7. A oferta agregada na economía clásica. A curva de oferta agregada (SA)</p> <p>8.8. Resultados da política fiscal no modelo clásico</p> <p>8.9. Resultados da política monetaria no modelo neoclásico</p> <p>8.10. Política monetaria con efecto riqueza no modelo clásico.</p> <p>8.11. As políticas de oferta no modelo clásico</p>      |

| Planificación          |                                     |   |                         |              |
|------------------------|-------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados           | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A8 A10 A11 A12 B1<br>B2 C5 C6 C7 C8 | 17                                      | 34                      | 51           |
| Proba obxectiva        | A7 A8 A10 A11                       | 5                                       | 29                      | 34           |
| Solución de problemas  | A4 A6 A7 B3 B4 B5<br>B9 B10 C1 C4   | 25                                      | 25                      | 50           |
| Atención personalizada |                                     | 15                                      | 0                       | 15           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías     |  |
|------------------|--|
| Metodoloxías     | Descrición   |
| Sesión maxistral | As actividades docentes do curso abarcarán clases maxistrals, ademais de clases prácticas. Utilizarase a linguaxe oral, a linguaxe matemática e a linguaxe gráfica para a explicación dos diferentes temas do programa docente. Todos os contidos someteranse ás probas obxectivas nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada. |



|                       |  |
|-----------------------|--|
| Proba obxectiva       | Os exames da asignatura se realizarán nas convocatorias oficiais, nas datas establecidas pola Facultade, tanto na primeira, coma na segunda oportunidade, coma na oportunidade adiantada. Esta proba se puntuará entre 0 e 4 puntos, debendo o alumno obter como mínimo 2 puntos para superar dita proba. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con resposta múltiple, sendo correcta soamente unha. Os erros restarán puntuación. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas, sendo o sistema de avaliación de estes test o mesmo que o dos restantes test. O exame tamén poderá conter temas de desenvolvemento do programa e/ou a proposta de problemas, pois consideramos que o desenvolvemento de contidos con linguaxe literario, gráfico e matemático é adecuado no estudo da Macroeconomía. |
| Solución de problemas | Na aula se podrán propoñer problemas que os alumnos deberán resolver, así como a realización de traballos. Os problemas e os casos terán estreita relación con cada un dos temas que se explicaron nas sesións maxistrais. A medida que se van explicando os temas, poderanse propoñer avaliacións dos temas tratados. Estas avaliacións non serán liberatorias en ningún caso. As puntuacións acadadas polos alumnos formarán parte do 60% asignado á solución de problemas na clase e mais á actividade de clase.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías   | Descrición  |
|--|---|
| Solución de problemas<br>Sesión maxistral<br>Proba obxectiva | <p>A atención personalizada ó alumno levarase a cabo de forma virtual. Se ben o tempo programado é de 15 horas, o profesor disporá dun maior número de horas para esta labor. Por tanto, a atención personalizada se debe entender como unha labor continua. Nesta actividade de atención personalizada ó alumno se inclue a acción de tutoría en grupos reducidos, a razón de 4 horas por cada grupo de 15 alumnos. Esta actividade está incluída nas 15 horas de atención personalizada ó alumno que se recolle no apartado 4: Planificación.</p> <p>Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: empregárase a plataforma Moodle, Teams e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, tutorías e a entrega de traballos. Acordárase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. Terán a mesma obriga de realizaren actividades que o alumnado a tempo completo.</p> |

### Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados         | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|-----------------------------------|---|---------------|
| Solución de problemas | A4 A6 A7 B3 B4 B5<br>B9 B10 C1 C4 | O profesor propoñerá ós alumnos actividades que se deben desenvolver ó longo do curso. O profesor utilizará aquelas actividades, como solución de problemas e exposición de resultados, realización de exercicios sobre os contidos, e realización de traballos, que estime máis axeitada para o seguimento do curso. Se valorará a resolución e a exposición dos problemas ou traballos na clase, de forma individual ou en conxunto e mailas solucións dadas ós exercicios propostos. A calificación máxima destas actividades é de 5 puntos. Estas actividades poderanse avaliar tamén a través de cuestionarios que se presentarán periodicamente ós alumnos. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con respostas múltiples, sendo correcta unha delas. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas. Os fallos restarán puntuación. O número de cuestionarios ou test no cuadrimestre será de tres. As cualificacións que se obteñan nestos cuestionarios se inclúen no 50% reservado a actividade da clase. Para os alumnos que teñan dispensa académica de exención de asistencia ás clases estes cuestionarios poderanse realizar en datas e horarios diferentes dos establecidos para o resto dos alumnos. As puntuacións que se houberan acadado (máximo 5 puntos) non terán en ningún caso carácter liberatorio dos contidos do programa. | 50            |



|                 |               |  |    |
|-----------------|---------------|--|----|
| Proba obxectiva | A7 A8 A10 A11 | <p>Esta proba se celebrará nas datas establecidas pola Xunta de Facultade, correspondentes ós exames finais, tanto na primeira oportunidade coma na segunda, coma na oportunidade adiantada de decembro. A nota máxima desta proba será de 5 puntos. Para superar a proba obxectiva o alumno debe acadar como mínimo 2,5 puntos no examen. O alumno se considerará aprobado na asignatura sempre que a súa nota total, suma da proba obxectiva (sempre que nela se obtiveran polo menos 2,5 puntos) e dos problemas ou actividades de clase propostas, sexa de 5 ou máis puntos. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con respostas múltiples, sendo correcta unha delas. Algúns dos test poderán consistir na obtención de resultados de problemas. Os fallos restarán puntuación. A linguaxe literaria, gráfica e matemática resulta útil para valorar de maneira axeitada os coñecementos adquiridos. Por esta razón, tamén poderá consistir a proba obxectiva en preguntas de desenvolvemento do programa e/ou da realización de problemas. Neste caso, a calificación será tamén dun máximo de 5 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos para poderse sumar á puntuación obtida no apartado de actividades.</p> | 50 |
|-----------------|---------------|--|----|

**Observacións avaliación**



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN :

1. Condicións de avaliación : Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
2. Identificación do estudantado : O estudantado acreditará a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.
3. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN :

1. Cualificación de non presentado : Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da calificación acadada.
2. Estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia : O estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, aínda que estean exentos de asistencia ás aulas, serán avaliados cos mesmos criterios que o alumnado a tempo completo.

## C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN :

1. Primeira oportunidade : Aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados no paso 7. Avaliación.
2. Segunda oportunidade : atendendo ao artigo 18, apartado 5, das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Cualificacións dos Estudos de Grado e Mestrado, a segunda oportunidade debeá garantir a posibilidade de superación da materia polo estudantado, polo que compre modificar as porcentaxes de cualificación respecto da primeira oportunidade. Polo tanto a solución de problemas, pasaría a supoñer un 30% da cualificación e a proba obxectiva un 70%. Na segunda oportunidade conservarase polo alumnado as cualificacións acadadas na avaliación continua (cunha ponderación de un 30%), pero non a acadada na proba obxectiva. Alternativamente, e dado que o exame final incorpora a recuperación de contidos avaliados durante o curso, podería acadarse o 100% da cualificación, no caso de que esta fose superior ao resultado de aplicar as porcentaxes do 30% e 70% citadas anteriormente.
3. Convocatoria adiantada : As condicións de avaliación da oportunidade adiantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Cualificacións dos Estudos de Grado e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba que representará o 100% da calificación final.

## D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN :

### 1.-Sobre mínimos nos criterios de avaliación

Non se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua. Para a proba obxectiva é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícarase tanto á primeira como á segunda oportunidade. No conxunto das dúas partes o alumno deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba obxectiva acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.

### 2.-Asistencia a clase obrigatoria

A asistencia a clase é obrigatoria. É necesaria unha asistencia mínima a clase do 80% para poder ser avaliado.

### 3.- Alumnado con dedicación a tempo parcial e/ou dispensa académica da exención de asistencia

Os criterios de avaliación son os mesmos tanto para o alumnado matriculado a tempo completo como no caso do que posúe recoñecemento de dedicación a tempo parcial e/ou dispensa académica de exención de asistencia.

## OBSERVACIÓNS XERÁIS

Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.

O estudantado acreditará a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- PATEIRO RODRÍGUEZ, C., L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA (2020). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. . REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.</li> <li>- PATEIRO RODRÍGUEZ, C., L.A. VEIGA, L. VARELA, F. BRUNA (2020). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. LIBRO DE PROBLEMAS, TEST Y EXÁMENES RESUELTOS. REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.</li> <li>- BLANCHARD, O (2017). MACROECONOMÍA. PEARSON</li> <li>- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2009). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL</li> <li>- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA EJERCICIOS. EDESA</li> <li>- DORNBUSCH, R. Y S. FISCHER (VARIAS EDICIONES). MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- ESCRIBÁ, F.J. Y OTROS (1995). INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A LA ECONOMÍA. MCGRAW HILL</li> <li>- RODRÍGUEZ, J., F. MOCHÓN, Y OTROS (1993). ELEMENTOS Y CUESTIONES DE T. ECONÓMICA. UNED</li> <li>- MOCHÓN, F. Y VICTOR ALBERTO BEKER (2008). ECONOMÍA, PRINCIPIOS Y APLICACIONES. MC-GRAW HILL</li> <li>- MOCHÓN, F. Y J. DÍAZ DE, REBECA (2010). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. EDICIONES ACADÉMICAS</li> <li>- KRUGMAN, P. WELLS, R. y K. GRADY (2015). FUNDAMENTOS DE ECONOMÍA . REVERTE</li> <li>- JONES, CHARLES, I. (2009). MACROECONOMÍA. ANTONI BOSCH</li> </ul>   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Se recomenda ao alumnado un seguimento continuo da asignatura. Se aconsella a asistencia ás sesións maxistras e ás actividades de solución de problemas. Se aconsella ao alumno que resolva cantas dúbidas se lle presenten, ben sexa na aula ou ben sexa na titoría.

### 1. A entrega dos

traballos documentais que se realicen nesta materia, de ser o caso:

- a. Solicitarse en formato virtual e/ou soporte informático
- b. Realizarse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.

3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

**PERSPECTIVA DE XÉNERO:**-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.





(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías